

MODELO DE INSTRUCCIÓN INTERNA QUE REGULA A SELECCIÓN DO CONTRATISTA E A ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

ÍNDICE:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Finalidade da Instrucción

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo.3. Confidencialidade da información

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN

Sección 1ª. Criterios xerais

Artigo 4. Tipos de Procedementos de contratación

Sección 2ª. Procedemento negociado

Artigo 5. Supostos de procedemento negociado

Artigo 6. Contido do procedemento negociado con publicidade

Sección 3ª. Outros procedementos

Artigo 7. Procedemento aberto ordinario e restrinxido

Artigo 8. Presentación de ofertas e solicitudes

Sección 4ª. Disposicións comúns aos procedementos anteriores

Artigo 9. Anuncio ou Invitación a participar e presentación de ofertas e solicitudes

Artigo 10. Documentación complementaria das ofertas e solicitudes

Artigo 11. Variantes en ofertas e solicitudes

Artigo 12. Pregos de contratación

CAPITULO III. VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN

Artigo 13. Criterios de valoración

Artigo 14. Valoración específica

Artigo 15. Proposta de adxudicación e contratación

Artigo 16. Entrada en vigor, aplicación e publicación

DISPOSICIÓN FINAL

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Finalidade da Instrución

1. A finalidade das presentes instrucións internas en materia de contratación é establecer o sistema xeral de contratación da entidade, como “poder adxudicador” e, especificamente, regular os procedementos de contratación naqueles supostos específicos que non están sometidos a regulación harmonizada para asegurar a efectividade dos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación e que o contrato sexa adxudicado a quen presente a oferta economicamente máis vantaxosa.
2. Estas instrucións poñeranse a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación de contratos regulados por elas, e publicaranse no perfil de contratante da entidade.
3. Ademais diso, establécese como Anexo, aos efectos de futuras contratacións, o esquema xeral dos distintos procedementos e o réxime de aplicación, para aqueles supostos de contratación sometidos ou non a lexislación harmonizada, sen prexuízo das adaptacións concretas que realicen os órganos de goberno en función do contrato e das circunstancias nel concorrente, ao obxecto de ter un amplo coñecemento polos interesados en contratar coa entidade.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. A presente Instrución aplicarase á selección do contratista e a adxudicación dos contratos que non están sometidos a regulación harmonizada en aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación establecidos no art. 175 da 30/2007, de 30 de outubro.
2. Os contratos de obra, servizos e subministro que celebre a entidade adxudicaranse con arranxo ás normas da presente instrución.
3. En relación á preparación dos referidos contratos será de aplicación o artigo 121 da lei 30/2007, en relación ao establecemento de prescricións técnicas, de acordo coas seguintes características:
 - a) Deberán observarse as regras establecidas no artigo 101 para a definición e establecemento de prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o previsto nos artigos 102 a 104, todos eles da Lei 30/2007, de Contratos do Sector público.
 - b) Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de

interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria. Neste caso será de aplicación o previsto no artigo 96.2.b) de dita Lei, sobre redución de prazos.

4. Asemade, de acordo coa Lei de Contratos del Sector Público, os contratos non suxeitos a regulación harmonizada suxéitanse ás disposicións de carácter xeral para todo o sector público, establecidas no Título preliminar e o Libro primeiro da citada Lei. Serán de aplicación a ditos contratos con carácter xeral, os preceptos seguintes:

- Artigo 123. Principios de igualdade e transparencia.
- Artigo 124. Confidencialidade.
- Artigo 129. Proposicións dos interesados
- Artigo 131. Admisibilidade de variantes ou melloras.
- Artigo 132. Licitación electrónica.
- Artigo 133. Sucesión no procedemento.

5. Será igualmente de aplicación para contratos superiores a 50.000 €, o establecido no artigo 104, relativo a información sobre condicións de subrogación en contratos de traballo.

Artigo 3. Confidencialidade da información

1. Non se divulgará a información facilitada polos empresarios que estes designaran como confidencial, en particular os segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das ofertas.

2. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTOS DE ADXUDICACIÓN

Sección 1ª. Criterios xerais

Artigo 4. Tipos de Procedementos de contratación

1. A contratación non suxeita a regulación harmonizada levarase a cabo, de maneira ordinaria, mediante procedemento negociado ou mediante o procedemento aberto ou restrinxido, por acordo do órgano de contratación en función das materias, as contías e demais circunstancias previstas na presente instrución.

2. Poderase recorrer ao procedemento aberto ou restrinxido, nos supostos en que as prestacións que deban ser contratadas estean definidas coa necesaria concreción, de forma que non sexa necesaria a negociación de aspectos relativos ás mesmas, cos empresarios ou profesionais que interveñan no procedemento de adxudicación. Igualmente, poderase recorrer ao procedemento de diálogo competitivo e á licitación electrónica nos supostos e condicións contemplados na Lei de Contratos do Sector público.

3. Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 95 da Lei de Contratos do Sector público. Considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos. Cantidades todas elas sen incluír o IVE.

Sección 2ª. Procedemento negociado

Artigo 5. Supostos de procedemento negociado

1. A contratación mediante procedementos negociados realizarase, con publicidade ou sen ela, de acordo coa contía prevista na Lei 30/2007, e cos específicos supostos contemplados na mesma, artigos 154 a 159 e concordantes.

2. **Negociado sen publicidade:** Os contratos con valor estimado inferior a 200.000 Euros, si se trata de contratos de obras, ou de 60.000 Euros si se trata doutros contratos, adxudicaranse mediante o procedemento negociado sen publicidade, asegurándose a concorrencia mediante a solicitude de ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

O mesmo procedemento negociado sen publicidade seguirse, ademais dos supostos establecidos na Lei 30/2007, nos seguintes casos específicos:

- a) Se despois de seguirse un procedemento aberto ou restrinxido, non se presentara ningunha oferta ou candidatura, ou as ofertas non sexan axeitadas, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente.
- b) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, pero que debido a unha circunstancia imprevista pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no

proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ao contratista da obra principal, sempre que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por cento do prezo primitivo do contrato.

3. Negociado con publicidade: Os contratos con valor estimado superior a 200.000 Euros e inferior a 1.000.000 de Euros, si se trata de contratos de obras, ou superior a 60.000 Euros e inferior a 100.000 Euros no resto dos contratos, adxudicaranse mediante o procedemento negociado con publicidade ou ben mediante procedemento aberto ordinario, de acordo co establecido no artigo 161.2 da Lei e os artigos seguintes desta instrución. O Consello de Administración decidirá na aprobación do prego desta clase de contratos pola súa contía a aplicación do procedemento negociado con publicidade ou a aplicación do procedemento aberto.

Artigo 6. Contido do procedemento negociado con publicidade

1. O procedemento negociado anunciarase publicamente mediante anuncio ou unha invitación a participar no procedemento. O anuncio realizarase a través de Internet, no perfil do contratante da entidade e mediante a súa inserción no Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia. De maneira adicional, poderase decidir polo órgano de contratación a publicidade do procedemento de contratación no Boletín oficial da Unión Europea (DOUE), Boletín Oficial do Estado (BOE) e, no seu caso, en diarios locais ou nacionais para os de maior contía.

Poderá prescindirse da publicación do anuncio cando se acuda ao procedemento negociado por presentarse ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúa a todos os licitadores que no procedemento aberto ou restrinxido, ou no procedemento de diálogo competitivo seguido con anterioridade presentasen ofertas conformes cos requisitos formais esixidos, e só a eles.

2. Os órganos de contratación fixarán os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

3. O prazo mínimo para a recepción de ofertas nos procedementos negociados con publicidade, para contratos superiores a 50.000 euros será de 26 días para contratos de obras públicas e concesión de obra pública e 15 días para outros contratos. Nos procedementos declarados de urxencia polo órgano de contratación, o prazo poderá ser reducido á metade (13 días para contratos de obras públicas e concesión de obra pública e 8 días para outros contratos).

Sección 3ª. Outros procedementos

Artigo 7. Procedemento aberto ordinario e restrinxido

1. Os contratos de obras, subministro e/ou servizos nos que non se previra nesta instrución a súa adxudicación mediante o procedemento negociado nin suxeitos a regulación harmonizada, adxudicaranse empregando o procedemento aberto ordinario ou o procedemento restrinxido, seguindo o previsto nesta instrución.
2. O anuncio realizarase a través de Internet, no perfil do contratante da entidade e mediante a súa inserción no Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia .De maneira adicional, poderase decidir polo órgano de contratación a publicidade do procedemento de contratación no Boletín Oficial da Unión Europea (DOUE), Boletín Oficial do Estado (BOE) e, no seu caso, en xornais locais ou nacionais para os de maior contía.
3. Nestes procedementos a selección da empresa adxudicataria producirase, una vez acreditada conforme ao prego de condicións a capacidade e solvencia para contratar, mediante a valoración das ofertas con arranxo aos factores de avaliación establecidos nos pregos de condicións de licitación, sen que por parte do órgano de contratación poida negociarse sobre os diferentes aspectos das ofertas presentadas.
4. Os factores de avaliación das ofertas deberán enunciarse coa debida concreción, establecendo, nos supostos de avaliación obxectiva, a fórmula ou proceso lóxico para a obtención da puntuación. Nos criterios de adxudicación que requiran dun xuízo de valor, deberase describir os elementos principais que serán tidos en consideración; estes criterios terán necesariamente un peso relativo inferior aos obxectivos.
5. No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, podendo, no seu caso, conter variantes de acordo co previsto no artigo 11.
6. No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, á súa solicitude, e en atención á súa solvencia, en base aos criterios establecidos no prego, sexan seleccionados polo órgano de contratación.

Artigo 8. Presentación de ofertas e solicitudes

1. Os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación nos contratos a que se refire o artigo anterior, fixaranse polos órganos de contratación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

O prazo mínimo para a recepción de ofertas será de 26 días para contratos de obras públicas e concesión de obra pública e 15 días para outros contratos. Nos procedementos declarados de urxencia polo órgano de contratación, o prazo poderase reducir á metade. (13 días para contratos de obras públicas e concesión de obra pública e 8 días para outros contratos).

No suposto de procedemento restrinxido, o prazo para a presentación de solicitudes de participación será, como mínimo, de 10 días, contados desde a publicación do anuncio.

2. É de aplicación a estes procedementos o anteriormente indicado sobre o dialogo competitivo, regulado nos artigos 163 e seguintes e o previsto para o concurso de proxectos dos artigos 168 e seguintes da Lei 30/2007.

Sección 4ª. Disposicións comúns aos procedementos anteriores

Artigo 9. Anuncio ou Invitación a participar e presentación de ofertas e solicitudes

1. O anuncio ou a invitación a participar no procedemento de contratación conterá os seguintes datos:

- Identificación do expediente de contratación
- Prazo para a presentación de solicitudes de participación.
- Lugar de presentación das ofertas.
- Prego de Condicións do contrato
- Documentación técnica sobre o alcance do contrato.
- Lugar de retirada da documentación, cando polas súas características non poida ser descargada directamente da plataforma de contratación.

2. As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

3. As proposicións e a documentación complementaria presentaranse no prazo sinalado no anuncio de licitación. Tamén poderán presentarse proposicións por correo ou por mensaxeiro, en cuxo caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío pola Oficina de Correos ou empresa de mensaxería e comunicar no mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición no caso que sexa recibida fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos cinco días naturais dende o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo ou mensaxeiro.

4. As proposicións reunirán as seguintes características:

- a) Deberán axustarse ao previsto no prego de condicións, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido de ditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.
- b) Serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.
- c) Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisión de variantes ou melloras, cando así se contemplen no prego de condicións. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

5. En todo momento respectarase a igualdade dos licitadores e a transparencia no proceso de forma que:

- Non se admitirán ofertas fóra do prazo sinalado para a recepción de solicitudes de participación.
- As aperturas das ofertas en procesos con concorrencia levaranse a cabo de maneira simultánea, unha vez rematado o prazo de licitación.
- De maneira previa á negociación deberase acreditar a capacidade para contratar e a solvencia para a execución do contrato, de acordo cos requisitos establecidos no anuncio de licitación e o Prego de condicións do contrato.
- A negociación levarase a cabo nos termos previstos no artigo 162 da Lei de Contratos do Sector Público.

6. As adxudicacións definitivas dos contratos, ademais de notificarse aos licitadores, publicaranse no perfil de contratante cando a súa contía sexa superior a 50.000 Euros.

Artigo 10. Documentación complementaria das ofertas e solicitudes

1. As proposicións no procedemento aberto e as solicitudes de participación deberán ir acompañadas dos seguintes documentos, de acordo co artigo 130 da Lei 30/2007:

- a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación.
- b) Os que acrediten a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento desta Lei para a reparación de defectos ou omisións na documentación.

- c) Una declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

- d) Para as empresas foráneas, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional foráneo que puidera corresponder ao licitante.

2. Cando sexa necesaria a presentación doutros documentos indicárase esta circunstancia no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo e no correspondente anuncio de licitación.

3. Cando a acreditación das circunstancias mencionadas nas letras a) e b) anteriores se realice mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, conforme ao establecido na Lei 30/2007, deberá acompañarse á mesma unha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida, se o estima conveniente, efectuar unha consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

O certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas poderá ser expedido electronicamente, salvo que se estableza outra cousa nos pregos ou no anuncio do contrato.

Artigo 11. Variantes en ofertas e solicitudes

1. Cando na adxudicación deban terse en conta criterios distintos do prezo, o órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes ou melloras que ofrezan os licitadores, sempre que o prego de cláusulas administrativas particulares previran expresamente tal posibilidade.

2. A possibilidade de que os licitadores ofrezan variantes ou melloras indicarase no anuncio de licitación do contrato precisando sobre qué elementos e en qué condicións queda autorizada a súa presentación.

Artigo 12. Pregos de contratación

1. Nos contratos de contía superior a 50.000 euros, o prego de condicións do contrato conterá as características básicas do contrato, o réxime de admisión de variantes, as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e as garantías que deberán constituír, no seu caso, os licitadores ou o adxudicatario.

2. No prego farase constar expresamente as seguintes circunstancias:

- a) Os requisitos de capacidade para contratar e de solvencia técnica, económica e financeira que deberán ser acreditados polos licitadores, así como os aspectos concretos que vaian a ser obxecto de negociación, debidamente relacionados coas necesidades que se pretenden cubrir e o obxecto do contrato.
- b) Os valores que se vaian a estimar como anormais ou desproporcionados, ben sexa pola relación entre as ofertas económicas, ou como consecuencia da conxunción de factores, tales como prazos ou calidades, co prezo ofertado.
- c) As circunstancias especiais que deberá cumprir a empresa adxudicataria na execución do contrato e que deberán terse en conta como elementos esenciais da contratación.
- d) As estipulacións correspondentes aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos.

3. Farase constar nos Pregos de condicións do contrato o modo de solución de controversias, sobre os efectos e o cumprimento e extinción dos contratos, sinalando unha das posibilidades seguintes:

- a) Sometemento ao foro xurisdiccional dos Xulgados e Tribunais do lugar de celebración do contrato.
- b) Arbitraje de Dereito, ante a corte de arbitraje das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación da provincia correspondente ao lugar de celebración do contrato ou outras específicas por razón da materia do contrato. En contratos internacionais poderá someter os efectos e a extinción a cortes de arbitraje internacional.

4. Os pregos establecerán penalidades, conforme ao previsto no artigo 196.1, para os casos de incumprimento ou de cumprimento defectuoso da prestación que afecten a características da mesma que se tiveran en conta para definir os criterios de adxudicación, ou atribuír á puntual observancia destas

características o carácter de obriga contractual esencial aos efectos sinalados no artigo 206.h), todos eles da Lei 30/2007.

CAPÍTULO III. VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN

Artigo 13. Criterios de valoración

1. Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas ao emprego da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, as características medio ambientais ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de poboación especialmente desfavorecidas ás que pertencen aos usuarios ou beneficiarios das prestacións a contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo postventa ou outros semellantes.

2. Cando só se empregue un criterio de adxudicación, este debe ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.

3. Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

4. A valoración de máis dun criterio procederá, en particular, na adxudicación dos seguintes contratos:

- a) Aqueles cuxos proxectos ou orzamentos non puideran ser establecidos previamente e deban ser presentados polos licitadores.
- b) Cando o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas, a propor polos licitadores mediante a presentación de variantes, ou por reducións no seu prazo de execución.
- c) Aqueles para cuxa execución facilite o órgano, organismo ou entidade contratante materiais ou medios auxiliares cuxa boa utilización esixa garantías especiais por parte dos contratistas.
- d) Aqueles que requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou cuxa execución sexa particularmente complexa.

- e) Contratos de xestión de servizos públicos.
- f) Contratos de subministro, salvo que os produtos a adquirir estean perfectamente definidos por estar normalizados e non sexa posíbel variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.
- g) Contratos de servizos, salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posíbel variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.
- h) Contratos cuxa execución poida ter un impacto significativo no medio ambiente, en cuxa adxudicación se valorarán condicións ambientais mensurables, tales como o menor impacto ambiental, o aforro e o uso eficiente da auga e a enerxía e dos materiais, o custo ambiental do ciclo de vida, os procedementos e métodos de produción ecolóxicos, a xeración e xestión de residuos ou o emprego de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos.

5. Cando se tome en consideración máis dun criterio, deberá precisarse a ponderación relativa atribuída a cada un deles, que poderá expresarse fixando unha banda de valores cunha amplitude adecuada. No caso de que o procedemento de adxudicación se articule en varias fases, indicárase igualmente en cales delas se aplicarán os distintos criterios, así como o umbral mínimo de puntuación esixido ao licitador para continuar no proceso selectivo.

6. Cando, por razóns debidamente xustificadas, non sexa posíbel ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orden decrecente de importancia.

Artigo 14. Valoración específica

1. Nos procedementos negociados, a avaliación realizarase unha vez conclúa esta coas empresas licitadoras mediante un xuízo de valor das ofertas finais, en relación cos distintos factores que serviran de base para negociar. A avaliación concretarase nun informe onde constará: a descrición dos elementos esenciais que definen cada unha das ofertas, seguidamente faranse constar os elementos da oferta que se estime economicamente máis vantaxosa que fundamenten dita opinión, en relación ás ofertas restantes.

2. En procesos concorrentes distintos do negociado a mesa de contratación deberá comparar as ofertas das empresas de acordo cos parámetros expresados nas condicións da licitación pública, como criterios de adxudicación. Dito proceso realizarase de acordo coas seguintes fases:

- a) A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as

ofertas. En todo caso, a apertura da oferta económica realizarase en acto público, salvo cando se prevea que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

- b) Avaliaranse en primeiro lugar os factores que requiran un xuízo de valor e unha vez elaborado o informe correspondente aos mesmos polo técnico responsábel, procederase á avaliación de apreciación obxectiva. Para facilitar iso, poderase dispor polo órgano de contratación que as ofertas se presenten coa debida separación que permita aperturas de sobres ou carpetas dentro dos mesmos en momentos sucesivos.
- c) Unha vez tabuladas as proposicións das empresas licitadoras nos seus aspectos técnicos e realizado un informe de valoración, procederase á avaliación final das proposicións, aplicando os pasos específicos establecidos no Prego para os aspectos técnicos e económicos.
- d) Por último, realizarase a proposta de adxudicación ao órgano de contratación en base á puntuación obtida.

Artigo 15. Proposta de adxudicación e contratación

1. A proposta de adxudicación realizarase pola mesa de contratación ou director-xerente ao Órgano competente que decidirá sobre a adxudicación do contrato.
2. O órgano de contratación competente para decidir sobre a adxudicación do contrato é o Consello de administración da entidade e o director-xerente de TUSSA en función da contía.
3. A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.
4. Non se poderá incluír na adxudicación do contrato condicións contrarias aos pregos de condicións que rexeron a licitación.
5. Os contratos formalizaranse nos termos e prazos previstos nos pregos de condicións que regulen a contratación. Con carácter xeral, formalizaranse en documento privado. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos. Iso non é aplicábel aos contratos menores.
6. A Orde Xurisdicional civil española será a competente para coñecer das cuestións que se susciten en relación a esta contratación. As partes renuncian expresamente ao foro que puidera corresponderlles someténdose á decisión da xurisdición ordinaria e á competencia dos xulgados de Santiago de Compostela.

7. Os Pregos de condicións específicos de cada tipo de contrato e toda a documentación necesaria para o seu desenvolvemento revisten carácter contractual.

Artigo 16. Entrada en vigor, aplicación e publicación

1. As presentes instrucións entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Administración para todas as contratacións que non estean suxeitas a regulación harmonizada, non sendo de aplicación aos contratos menores regulados na LCSP que se adxudicarán directamente.

2. Sen prexuízo de garantir os principios do artigo 175 da LCSP recollidos nas presentes instrucións, iranse introducindo os medios electrónicos na contratación que realice a sociedade.

3. As presentes instrucións publicaranse na páxina web de <http://www.tussa.org>, perfil do contratante.

DISPOSICIÓN FINAL: Os valores estimados indicados nesta Instrución son sen IVE.

ANEXO

ESQUEMA DOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN SEGUNDO A LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO

De acordo co exposto e segundo o establecido na Lei de Contratos do Sector Público TUSSA someterase, dependendo da súa contía, aos seguintes procedementos de contratación.

1.- Contratos de obras

- a) Contía ata 50.000€ sen IVE.- Contrato menor.
- b) Contía ata 200.000€ sen IVE.- Procedemento Negociado sen Publicidade.
- c) Contía dende 200.000€ sen IVE a 1.000.000€ sen IVE.- Procedemento Negociado con Publicidade ou Concurso aberto segundo instrucións realizadas pola empresa.
- d) Contía dende 1.000.000€ ata 5.150.000€ sen IVE (Orden EHA/3875/2007, de 27 de decembro).- Concurso aberto segundo instrucións realizadas pola empresa.
- e) Contía dende 5.150.000€ sen IVE (Orden EHA/3875/2007, de 27 de decembro).- Concurso aberto suxeito a regulación harmonizada.

2.- Contratos de servizos e subministro

- a) Contía ata 18.000€ sen IVE.- Contrato menor.
- b) Contía ata 60.000€ sen IVE.- Procedemento Negociado sen Publicidade.
- c) Contía dende 60.000€ ata 100.000€ sen IVE.- Negociado con publicidade ou Concurso aberto segundo instrucións realizadas pola empresa.
- d) Contía dende 100.000€ ata 206.000€ sen IVE (Orden EHA/3875/2007, de 27 de decembro).- Concurso aberto segundo instrucións realizadas pola empresa.
- e) Contía dende 206.000€ sen IVE (Orden EHA/3875/2007, de 27 de decembro).- Concurso aberto suxeito a regulación harmonizada.